



ÁNGEL PASCUAL RUBÍN
ASOCIACIÓN GALLEGA DE ADMINISTRADORES CONCURSALES (AGACO)
 RÚA SERAFÍN AVENDAÑO Nº 18 INTERIOR, OFIC. 17
 36201 VIGO (Pontevedra)

Asunto: Resolución de inscripción da **ASOCIACIÓN GALLEGA DE ADMINISTRADORES CONCURSALES (AGACO)**

Examinado o expediente de solicitude de inscripción neste Rexistro Central da Comunidade Autónoma de Galicia, da **ASOCIACIÓN GALLEGA DE ADMINISTRADORES CONCURSALES (AGACO)**, con domicilio en RÚA SERAFÍN AVENDAÑO Nº 18 INTERIOR, OFIC. 17, 36201 VIGO (Pontevedra), resultan os seguintes:

FEITOS

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción, presentan documentación acreditativa da identidade dos promotores, acta de constitución e estatutos da asociación.

Segundo. Nos estatutos figuran como fins da asociación, entre outros: colaborar ao desenvolvemento e divulgación da función de administrador concursal en todos os seus aspectos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. Resultan de aplicación a Constitución Española que reconece no artigo 22 o dereito de asociación; a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, Decreto 1497/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro Nacional de asociacións e as súas relacións con outros Rexistros, e Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Segundo. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver a inscripción solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 7/2011, de 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, non se aprecia que concorran supostos de ilegalidade previstos no art. 22 da Constitución, e considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de asociacións desta Comunidade Autónoma,

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **PROPOÑO:**

Visar os estatutos da asociación e ordenar a súa inscripción, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución, correspondéndolle o **núm. 2012/016858 Sección 1** neste **Rexistro Central de Asociacións**.

Esta inscripción provisional converterase en definitiva se no prazo de 3 meses a contar dende a recepción desta resolución non se lle notificase ao interesado a súa incompatibilidade por existir inscrita outra coa mesma denominación no Rexistro Nacional de Asociacións.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo de un mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Vº e prace
 A sub. xeral de Réxime Xurídico, A. e de Recursos Humanos

Mª Amadora Rodríguez Carreira

Natalia Prieto Viso

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2012

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

